



“PROGRAMA DE ACOLLIDA DO CEIP PALAS DE REI CURSO 2020- 2021”



Índice

1. Presentación do programa de acollida á Comunidade educativa.....	3
2. Novas normas de organización e funcionamento do centro.....	4
3. Actuacións de prevención, hixiene e protección.....	9
4. Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.....	11
5. Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.....	12



1. Presentación do programa á Comunidade Educativa

Este documento está elaborado en base ás **Instrucións do 30 de xullo 2020**, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas da educación infantil, da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, nas que se indica que, co fin de facilitar a incorporación do alumnado afectado pola suspensión da actividade lectiva presencial durante o curso 2019/2020, o equipo directivo elaborará un Programa de acollida.

Será presentado á Comunidade Educativa nas seguintes datas:

- 1 de setembro: ao claustro.
- 3 de setembro: ao Consello Escolar.
- 7 e 8 de setembro: ás familias do alumnado.

Realizaranse **reunións presenciais** de cada dúas titorías, adoptando as seguintes **medidas**:

- Un único asistente por alumno/a.
- Mantemento da distancia de seguridade.
- Obrigatorio o uso de máscara entre os asistentes.
- Entre reunións realizarase unha ventilación do espazo e realizaranse labores de limpeza nas cadeiras empregadas e no resto do recinto.
- A **primeira parte da reunión realizarase na Casa da Cultura**. O Equipo Directivo dará a coñecer o programa de acollida e plan de adaptación á situación COVID – 19.

A continuación, o **profesorado titor reunirse coas familias da túa titoría** (un grupo na biblioteca e outro ximnasio).

- As datas e horas para cada nivel educativo quedan reflectidas na seguinte táboa:

Nivel	Data	Hora
6º EI / 1º EP	07.09.2020	10h
4º EI / 5º EI	07.09.2020	12h
2º EP / 3º EP	07.09.2020	16h
4º EP / 5º EP	08.09.2020	10h
6º A EP / 6º B EP	08.09.2020	12h

- Ademais, o plan difundirase a través da **web** trasladarase á **ANPA** para que o difunda a través das súas canles habituais.



2. Novas normas de Organización e Funcionamento do centro

O plan de adaptación á situación covid-19 implica unha serie de cambios e modificacións temporais nas Normas de Organización e Funcionamento do colexio.

Neste cadro/resumo destacamos as máis salientables:

Temática	Modificación / explicación
<u>Uso da máscara</u>	<ul style="list-style-type: none"> - A máscara é de uso obrigatorio en todo o momento para o persoal do centro e para o alumnado de Primaria. - Para o alumnado de Educación Infantil non é obrigatoria esta medida, pero recoméndase o seu uso. - O alumnado traerá unha máscara de reposto diaria, así como un sobre ou estoxo específico para gardala cando sexa preciso (hora de comer). - Na aula deberán ter unha máscara de recambio, que se entregará ao mestre/a titor nunha bolsa pechada hermeticamente e co nome do alumno/a.
<u>Titorías coas familias</u>	<p>As titorías levaranse a cabo baixo dúas modalidades:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Virtual (opción preferente) a través de “cisco webex” ou por teléfono. - Presencial: para aqueles casos nas que a videoconferencia non sexa posible. Nesta modalidade, a reunión levarase a cabo na aula da titoría correspondente, previa cita e garantido a distancia social. Todos os asistentes á titoría levarán máscara e farán a pertinente desinfección de mans.
<u>Xestión de residuos</u>	<p>En todos os espazos do centro haberá unha papeleira, para desbotar todos aqueles elementos de hixiene persoal (panos desbotables, luvas, máscaras).</p> <p>As papeleiras serán baleiradas nun colector específico (de cor verde).</p>
<u>Espazo de illamento</u>	<p>Baño adaptado situado na planta baixa, fronte á entrada ao comedor.</p> <p>Dotado de material de protección e desinfección.</p>



CEIP de Palas de Rei

<p><u>Entradas</u></p>	<p><u>Alumnado transportado e non transportado:</u></p> <p>Estableceranse quince minutos de entrada ao centro para todo o alumnado de 09:30 a 09:45, de xeito que a incorporación sexa progresiva.</p> <p>Ademais, o alumnado transportado terá prioridade para acceder ao centro.</p> <p>Medirase a temperatura a todo o alumnado e persoal do centro no momento de entrada ao centro.</p> <p>As familias do alumnado e todo o persoal do centro realizarán unha auto avaliación dos síntomas de forma diaria a fin de comprobar se estes son compatibles cunha infección por SARS-CoV-2 cuxos resultados non teñen que enviarse ao centro, pero si comunicar a ausencia. Utilizarase a enquisa clínico epidemiolóxica que se describe no Anexo que debe realizarse, cada mañá, antes da chegada ao centro. Diante da aparición de polo menos un dos síntomas que aparece na enquisa os proxenitores ou titores non enviarán ao alumno/a á clase e solicitarán consulta co seu médico ou pediatra. As familias comprométese a adoptar esta medida, polo que se lles entregará unha declaración xurada que deberán entregar asinada no centro.</p> <p>O mesmo compromiso é adoptado por todo o persoal do centro.</p> <p>En ambos casos darase coñecemento ao Equipo Covid.</p> <ul style="list-style-type: none"> - O profesorado e o resto da Comunidade Educativa accederán ao centro pola porta principal do edificio. - O alumnado empregará a porta peatonal para acceder ao centro, unha vez dentro do recinto situarase na zona habilitada na pista cuberta. Cada curso colocarase na ringleira correspondente, diferenciada por cores e con marcas no chan para favorecer o cumprimento da distancia de seguridade. <p>Farase unha entrada ao edificio de xeito escalonado, empezando por 6º curso de educación primaria e rematando polo 4º curso de educación infantil. No acceso empregárase sempre a porta dereita do porche, seguindo o sentido de circulación marcado. Neste momento, cada curso será acompañado por un mestre ou mestra ata a súa aula.</p> <p>Habilitarase unha zona para que as familias que acompañen ao alumnado de educación infantil manteñan distancia social (un acompañante por alumno/a). O alumnado de Educación Primaria accederá ao recinto escolar sen acompañante.</p>
<p><u>Saídas</u></p>	<p>Alumnado non usuario de comedor escolar:</p> <p>A mestra ou mestre que teña docencia con cada grupo clase na última sesión, acompañará ao alumnado á porta peatonal, onde se realizará a entrega ás familias.</p>



CEIP de Palas de Rei

	<p>Alumnado usuario de comedor escolar:</p> <p><i>Hora saída:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Alumnado non transportado infantil: 15:50 a 16:00 - Alumnado non transportado primaria: 16:00 a 16:10 - Alumnado transportado (infantil e primaria): 16:10 <p><i>No caso de haber actividades extraescolares habilitarase unha zona específica para este alumnado.</i></p> <p>Na saída empregarase sempre a porta esquerda do porche, seguindo o sentido de circulación marcado.</p>
<p><u>Uso do comedor</u></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Debido á flexibilización permitida para Educación infantil na última hora, o alumnado desta etapa comezaría o xantar ás 14:30 horas, quince minutos antes da hora de finalización da xornada lectiva. - O alumnado de primaria incorporaría-se ás 14:45, comendo a totalidade de alumnado usuario de comedor nunha mesma quenda. Favorecerase que o alumnado se sente respectando os grupos estables de convivencia. -Estableceranse grupos de catro persoas por mesa separadas por mamparas protectoras entre cada comensal para favorecer a seguridade.
<p><u>Cambio de aula</u></p>	<ul style="list-style-type: none"> - Ao longo deste curso soamente se contemplan as seguintes situacións nas que son necesarios cambios de aula: <ul style="list-style-type: none"> • Para ir á aula de música, cando sexa preciso. • Para ir ao ximnasio /pavillón • Para ir á aula de valores cívicos e sociais (soamente o alumnado matriculado nesa área) • Asistencia a sesións de PT/AL/Orientación • Para ir ao baño e ao comedor. • Para ir á biblioteca e a aula de informática - Cando un grupo de alumnado deba cambiar de aula, farao en fila de un e respectando a distancia de 1m, seguindo a ruta deseñada de circulación. <p>No caso das aulas de música, ximnasio, informática e aula de valores, para garantir que os espazos están baleiros e ventilados, o alumnado esperará na súa aula a que o mestre especialista os vaia buscar.</p>
<p><u>Uso da biblioteca</u></p>	<ul style="list-style-type: none"> - A biblioteca pode ser usada ata un máximo de 30 persoas por quenda. - Establecerase un calendario por titorías para uso da mesma. - O alumnado debe hixienizar as mans antes e despois da estancia na sala. - Estarán sinalizadas as mesas ou outros postos de traballo que poden ser utilizados de xeito seguro. - Durante o período de lecer, só haberá un grupo estable de convivencia, que rotará



CEIP de Palas de Rei

	<p>diariamente.</p> <ul style="list-style-type: none"> - O préstamos de libros realizarase de xeito habitual, aínda que o devolto deberá permanecer en caixas identificativas e illadas como mínimo 4 horas antes de volver aos andéis. - Evitarase o uso de xogos de mesa e materiais semellantes cando implique o uso compartido. - Ao rematar os usuarios hixienizarán os postos que teñan ocupado. - Aplícanse na biblioteca as restantes normas de uso e funcionamento das aulas ordinarias.
<u>Uso dos aseos</u>	<ul style="list-style-type: none"> - O alumnado empregará os aseos do seguinte modo: <ul style="list-style-type: none"> . 6º EI, 1º EP, 2º EP, 3º EP, 4º EP: aseos da primeira planta. . 5º EP, 6º A EP, 6ºB EP, 5º EI: aseos da planta baixa. . 4º EI: aseo da propia aula. - A limitación de aforo para os baños será a un usuario, e para controlalo haberá un sistema de “semáforo”, que indicará se o baño está libre ou non.
<u>Recreos</u>	<ul style="list-style-type: none"> - Realizaranse dúas quendas derecreo: <ul style="list-style-type: none"> . de 12:15h a 12:40h – Educación Primaria . de 12:40h a 13:05h – Educación Infantil - Tanto o alumnado de infantil como o de primaria empregará as rutas e quendas de entrada e saída que utiliza para as entradas e saídas do colexio.
<u>Aula de informática</u>	<ul style="list-style-type: none"> - Aula de informática / ordenadores de aula: <ul style="list-style-type: none"> . Existirá un horario de emprego para cada nivel educativo que permita que os equipos sexan desinfectados despois do seu emprego entre grupos. . Corresponde a mestres lembraraos usuarios que desinfecten con xelepanos desbotables. . No tocante aos ordenadores de aula, corresponde ao profesorado organizar as quendas de uso e garantir a limpeza de todos os elementos antes e despois do seu emprego.
<u>Reunións órganos colexiados</u>	<ul style="list-style-type: none"> - As reunións de Claustro e Consello Escolar terán dúas modalidades dependendo da situación epidemiolóxica no momento das mesmas. Deste xeito propoñemos: <ul style="list-style-type: none"> - <i>Preferentemente reunións telemáticas</i> na plataforma oficial que oferte a consellería (posiblemente Cisco Webex) - <i>Presenciais</i>, sempre e cando a evolución da covid o permita. Realizaranse no comedor.



CEIP de Palas de Rei

Período de adaptación

O período de adaptación do alumnado de 4º de Educación Infantil terá a duración mínima para acadar os seus obxectivos e este curso e, en todo caso, non se prolongará máis alá do día 30 de setembro de 2020.

Ademais dos obxectivos propios deste período incluíranse os relacionados coa formación sobre o Plan de Adaptación á situación COVID-19 no curso 2020 – 2021.

Nos próximos días darase a coñecer con detalle o período de adaptación.



3. Actuacións de prevención, hixiene e protección

• **Prevención**

O centro educativo non é alleo á situación social e, polo tanto, establecendo un paralelismo coas normas xerais de prevención para calquera cidadán, os **obxectivos** serán os seguintes:

- Evitar aglomeracións:

- Diseminar as entradas e saídas do alumnado.
- Establecer dúas quendas de recreo.
- Dividir o patio para que cada nivel educativo dispoña dunha zona de recreo.
- Regular o acceso aos aseos.

- Distancia social:

- Distribuír as mesas nas aulas de tal xeito que exista a maior separación posible entre o alumnado atendendo ao número de alumnos/as por aula e ao espazo dispoñible.
- Evitar situacións de contacto físico.

- Responsabilidade individual:

- O profesorado debe comprometerse a facer un autotest antes de acudir ao centro para evitar acudir con sintomatoloxía compatible coa covid.
- As familias deben adquirir o compromiso firme de non enviar aos seus fillos/as ao colexio se presentan algúns dos síntomas compatibles coa covid; para elo deberán facer un test diario no que comprobemos posibles síntomas compatibles coa covid.

• **Hixiene:**

- Hixiene xeral do centro:

- Reforzar o servizo de limpeza aumentando o persoal.
- Realizar desinfeccións dos aseos, cando menos, tres veces por mañá.
- Facer limpeza de aulas e espazos comúns pola tarde.
- Establecer un control da ventilación correcta e abundante das aulas.
- Desinfección dos elementos de uso común por parte do alumnado.



CEIP de Palas de Rei

- Hixiene persoal:

- Facer varias limpezas e desinfección das mans, para o que haberá dispensadores de hidroxel nas aulas e xabón líquido nos baños.
- Adquirir hábitos como tusir ou esbirrar contra o cóbado, evitar tocar a cara ou levar obxectos á boca.
- Aprender a manipular correctamente as máscaras.

- Rutinas de responsabilidade individual:

- Os usuarios de espazos e elementos comúns deben adquirir a conciencia de que debe recaer sobre eles a desinfección previa ao uso. Para iso haberá elementos de limpeza e desinfección específicos ou ben panos desbotables e xel.
- Limpeza de elementos propios de traballo: cada mestre ou cada alumno ten uns elementos de emprego persoal, como son a mesa de traballo, bolígrafos, etc. É moi saudable interiorizar a limpeza deses elementos de xeito periódico, o que non exixe da limpeza que poida facer o persoal de limpeza.
- Facilitar o labor do persoal de limpeza: as nosas accións repercuten no traballo doutras persoas. Alumnado e profesorado deixarán todo ben colocado para facilitar o teu seu traballo.

- Elementos de limpeza a disposición da comunidade docente:

- Xel: en todas as aulas e espazos comúns.
 - Xabón: nos aseos.
- Panos desbotables: en todas as aulas, baños e espazos comúns.
- Solución desinfectante: nas aulas

• **Protección:**

- Uso de máscara:

- Uso obrigatorio, en todo momento, para o profesorado e alumnado dende 1º EP. Recoméndase tamén para o alumnado de Educación Infantil.

- Pantallas:

- Cando sexa preciso, empregaranos os mestres de AL, PT, Departamento de Orientación, Educación Infantil...e aqueles docentes que así o desexen.
- Para as tarefas de desinfección e limpeza de baños (ou gafas de protección ocular).

- Mamparas:

- Na entrada principal instalárase unha mampara para realizar trámites coas familias.
- Nas aulas de PT, AL e Orientación nas que se empregarán para a realización de tarefas que o



requiran.

- No comedor escolar, nas 35 mesas, colocaranse mamparas co obxectivo de que en cada unha coman 4 alumnos/as.

4. Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.

As aulas virtuais utilizaranse, de ser o caso e nos supostos de educación a distancia, e para o alumnado que parcialmente estea en situación de corentena cando non exista suspensión da actividade presencial no conxunto da aula, sen prexuízo doutras opcións de formación a distancia que poida por en funcionamento a consellería.

É necesario comezar o curso 2020/2021 cunha serie de accións que faciliten o **emprego da aula virtual**, independentemente de que se poidan retomar as sesións virtuais ou non. Deste xeito, se fose necesario volver ao ensino a distancia ou semipresencial, o alumnado tería un maior grao de autonomía para continuar coa súa aprendizaxe.

A formación básica que un alumno/a (ou familia) debe ter para poder ter un mínimo de garantías no caso de ter que realizar docencia non presencial é:

- **Acceso á aula virtual.**
- **Acceso aos diferentes cursos / áreas** nos que estea matriculado/a
- **Envío de tarefas** a través da aula virtual.
- **Consulta de cualificacións e comentarios.**
- **Envío de mensaxes por vía interna** da aula virtual.

As accións formativas que se levarán a cabo estarán dirixidas pola coordinadora do Equipo TICs.

O profesorado titor coa colaboración dos mestres especialistas, aproveitará o mes de setembro para:

- Facilitar ao alumnado usuarios e contrasinais.
- Acceder a aula virtual e ao curso correspondente.
- Visualizar contidos na aula virtual.
- Realizar tarefas na aula virtual: cuestionarios, actividades interactivas, enviar cuestionarios...
- Incidir no manexo básico de procesadores de texto, gravación / edición de vídeos...

Por outra banda, as familias deben coñecer e manexar as vías de información e comunicación existentes no centro, que son as seguintes:

- **Aplicación Abalarmóbil:** dende a que poden realizar consultas relacionadas co ámbito



académico, solicitar titorías e recibir mensaxes do centro ou profesorado.

- **Correo electrónico:** vía formal para realizar consultas, transmitir información e realizar outro tipo de trámites. A dirección empregada será a corporativa: ceip.palas.rei@edu.xunta.gal
- **Teléfono:** comunicación directa e inmediata, existen dúas liñas. 982870627 / 982870628.
- **Redes sociais (facebook, instagram):** nas que se publican avisos de carácter xeral.

5. Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.

- Nesta volta ás aulas temos que aprender a socializar con distancia, sen contacto físico ou transmitiremos sen poder mostrar parte das nosas facianas.
- Tanto para mestres como para alumnos supón un cambio enorme na interacción habitual e require un tratamento específico nas aulas.
- A mímica pode ser unha ferramenta moi útil para substituír accións que implican contacto físico, como unha aperta. O deseño deste tipo de xogos e dinámicas deberían estar presentes nas primeiras sesións e semanas.
- A nivel social é importante que traballemos o tratamento que reciben as persoas contagiadas. Estar afectado polo virus non debe ser motivo de discriminación, senón de comprensión e empatía, debemos evitar o rexeitamento social dende a empatía, pois calquera de nós podemos pasar por esa situación aínda sen ter cometido actos imprudentes. Polo tanto, se temos a mala sorte de que un compañeiro/a contrae a enfermidade, non podemos culpalo, senón apoiálo e coidalo emocionalmente.
- O mesmo temos que facer coas persoas que presenten síntomas compatibles, tomar precaucións non implica desprezo e rexeitamento, polo que debemos facer actividades de sensibilización neste eido.
- Outro aspecto sobre o que debemos incidir no tratamento transversal do tema é a difusión de bulos e bromas relacionadas co virus. Temos que formar ao noso alumnado para que non caia encadeas de transmisión de información que non estea fundamentada e confirmada.
- A perda de liberdade do alumnado é máis que evidente, xa que son moitas as limitacións que se atoparán no retorno ao colexio. Será importante transmitir que se trata dunha situación transitoria e que ese esforzo vai en beneficio de todos/as, e como cidadáns debemos cumprir con estas restricións cun único obxectivo: contribuír a frear o virus e conseguir que todo isto acabe.
- O alumnado necesita ser escoitado, polo que debemos deseñar accións que induzan a que se exprese, a que transmita emocións, opinións, incluso a que aporten solucións, deste xeito podemos facelos partícipes de todas as medidas adoptadas para evitar contaxios.
- A nivel de aula desenvolveranse Programas de Habilidades Sociais para traballar as



CEIP de Palas de Rei

cuestións citadas con anterioridade.

- Dende o Departamento de Orientación realizaranse aportacións ao claustro en relación con aspectos emocionais e sociais.
- Dende a Comisión de Coordinación Pedagóxica realizaranse as propostas que se consideren axeitadas para traballar esta temática.